

J. Estévez L.

amor platónico
amor virtual



textura do ser e non ser

"Mis ojos, sin tus ojos, no son ojos"
Miguel Hernández

j. estévez l.

PROGNÓSTICO RESERVADO

Manca o amor
cando é un acto de fe
sacramentado en bágoas...

Sei de meloso corazón
por leal en coiros infectado
que de amor orquídeas incubaba
para un amor imaxinario.

E P Í T O M E:

Un fanático e frustrado ladrón de olladas azuis que, por medroso especulador, fracasa unha e outra vez na escuma de encantos.

Nesta crónica sentimental (fértil mausoleo de afliccións), un sorriso tecedor de conxecturas que se ausenta paseniño da súa emisaria (a marea que baixa para non subir de novo) e a senilidade (señora da guerra, marea crecente) que intoxica a frondosidade da visión.

Un bonito rostro con sabor a presidio, portador de litixios para degustar con moderación.

Un antollo vírico (impracticable a beleza en doses descontroladas para unha boca insensata) que se vai emendando na reconstrucción da feira de adxectivos, aínda que persistan sen domear as cicatrices do combate por posuír a palabra: *non resisto este escuro e frío inverno de palabras bonitas (cálidas palabras, compartindo os silencios) e ata mataría por ti, meu amor....*

A triste victoria final asalta as
sombras que se multiplican, desorientadas e
sen goberno, coma pingas esqueléticas de luz
infectadas nun termo de tranquilizantes,
antes de ingresar na clínica (*derreado pola
fascinación, levitando na flor de azar,
molesto estou comigo mesmo...*)

Na cidade en ruínas que persiste no
arruinado corpo, escintileos de bohemia...

Inventario para os tempos de penuria:
Prado erosionado, ermo, mar de
lamentacións; antes da desfeita prado
bolboreta, lirio, violeta, prado azucena,
rosa fresca...

¿Amor platónico = billete de avión para
viaxar a ningures...?

Todo o mundo sabe que a teoría sen a
práctica non serve e que nada é de balde.

Agredecemento especial a Isabel Lombardero. De seguido (e sen a súa autorización para usar o documento) insiro un texto no que recolleu as impresións que lle causou a lectura destes poemas.

NO SE SI PODRÉ PERDONARTE

Sabías que tenía un mal día, y me has tenido enganchada a tus versos hasta la madrugada, y tengo, además, la impresión de que tu sabías que iba a ser así.

Me leí uno y luego otro, y otro... de las primeras páginas, de las últimas, de las del medio... y al final: "jodido enganche..."

Cuatro o cinco horas pegada a estos folios, y ahora, a estas horas (las 2 de la madrugada) estoy convencida de que podría firmar cada uno de ellos, si no fuera porque son tuyos y porque a mi, escritora frustrada, me faltan tantas palabras...

¿Qué podría corregirte? ¿Cómo podría ser capaz de cambiar tus palabras por otras que no tengo?

Solo cuatro no me gustan, páginas cruzadas a lápiz, eso sí, pero mi criterio sirve de bien poco en este caso, sobre todo cuando termines de leer todo lo que me han sugerido. Borraría también una frase completa, marcada con asterisco, así como cualquier referencia a lo virtual (con ello pierden encanto), a no ser que estas páginas que me has pasado tengan como inspiración a alguna mujer que has conocido a través de ese medio.

Perdóname, no tengo ningún derecho a modificar nada de nada... sobre todo porque me han hecho pasar una tarde maravillosa.

En un página (preciosa, por cierto, como casi todas) dices: ¡Sobran las palabras!, lo siento, a mi me faltan para describir todos los calificativos que me sugieren estos versos, pero, aunque me falten, podré algunos, incluso contradictorios entre si: dulces, amables, cariñosos, placenteros, intimistas, mágicos, seductores, serenos, desbordantes, eróticos, sensuales ¿lascivos?, apasionantes...

¡Qué versos tan hermosos!

Me hubiese gustado escribirlos a mi, porque todo lo que dicen podía suscribirlo hace unos meses cuando estuve tan colgada de alguien que no me correspondía, aunque he de reconocer que los sentimientos que surgieron de esa historia me reconfortaron durante muchas noches de soledad.

Las primeras páginas (pocas) son serenas, parecen fruto de una sensación inesperada que se convierte en arrolladora a medida que van pasando los versos y que resultan ser los más apasionantes, mágicos y hasta eróticos, para llegar a una confesión final que serena la pasión y asume, dulcemente, una realidad confesable, o inconfesable, no lo se. (Seguramente no sé lo que digo, pero se lo que fui capaz de sentir, cuando decidí leer ordenadamente todas y cada una de sus páginas, una y otra, un montón de veces).

Gracias por permitirme ser una de tus primeras lectoras. Agradezco el detalle, lo agradezco enormemente, y aunque algún día

tendré tu libro, me gustaría tener este borrador para, entre tanto, seguir disfrutándolo (Te juro que me cuesta devolvértelo ahora).

Imagínate que esto es un e-mail, y aunque solo sea por disculparme y para compensar la frase que pretendo borrar, un beso virtual y todo mi afecto. ISABEL.

*"Por más que la dicha busco
vivo penando
y cuando debo quedarme,
viday,
me voy andando"
Atahualpa Yupanqui*

Para ti,
dona dos excelsos ollos azuis,
para ti estes versos
porque a súa dona eres ti.

Para ti esta música de bandoneón,
perla que ningún vinagre dissolve.

Para ti,
a que me vedou a luz dos seus ollos,
un licor con olor a tren enigmático
que non se detén nas estacións baleiras.

- I -

PRELUDIO NO ÁLBUM DE CULTO

O delirium tremens
(traspapelado o sentido común)
gestiona a náusea
dos efectos
secundarios,
perdido
o rumbo
das contraindicacións,
por usar os soños
sen receita médica.

Diarrea de preguntas
que torturan
a visibilidade, atrapado
polo rubor
e pola palabra de honor.

Este efluvio que me turba

¿enfermidade infantil?

¿gula-cleptomanía?

¿cegueiraxordeiraarrebatos?

¿medusa das mil cabezas?

¿unha forte dor de cabeza?

¿refacho de fluorescencias?

¿epidemia de abelorios e supersticións?

¿xogo de incenso nun labirinto maldito?

¿sarampelo-sartego?

¿dilema ou espellismo?

¿esquizofrenia?

¿*amor platónico trampa virtual?*

nun corazón en estado simbiótico,
nun corazón iletrado en amores,
non é fácil distinguir o limbo do limo,
a canela da...

...este chorro de choros de actor neófito,
de analfabeto en amores

¿estéril sibaritismo ou servilismo lírico?

Hóspede na desavinza

¿terei eu pánico ao descaro xuvenil que ela
esboza?

¿aos trevos de catro follas cos que xoga?

¿ás estatuas de sal envoltas en celofán de
etiqueta que se inventa?

¿comprende alguén este bochorno espantoso?
(eu non)

¿por que as asincronías?

¿por que tanto desatino?

¿quen non poxaría por descansar eternamente
nos seus ollos augamariña?

CLIC:O AUTOR ACTIVA
O PUNZÓN DA GOTA FRÍA

¿Quen poderá salvarme
se fun ferido de amor
por mirada letal...?

¿Estes poemas de aluvi3n...?
¿Estes versos escritos a puñazos...?
¿Desde cando as balas recitan poesías...?

¿Quen poderá salvarme...?

Por amar a quen non te ama,
sen saber o por que desa montaña,
--¡e vaia panorama ofreces
do campo de batalla!--
víctima propiciatoria para a anestesia,
clip para unha rosa en panos menores
(e perdón pola frivolidade).

A solución non reside
na prostitución das palabras
nin nos trucos que coagulan
a brisa nos dicionarios.

As cicatrices
das tardes de inverno
non as repara a penicilina
nin as tapa a folla de parra
cando se está por xogar
a utopías eróticas con estribillos
que derrapan nas páxinas á deriva...

¿Lembras,
amor,
o paraíso
rescatado
dos
tuneis
do
pudor...?

¿Lembras,
pitonisa do néctar de arandos,
o cóctel polígamo de símbolos
que mallaba os nosos versos...?

¿Lembras
as rúas que nos bebemos,
condecorando as metáforas...?

OBCECACIÓN PEDRADORA

Precario escravo empadreneime
no teu sorriso zalameiro.
Da mitomanía o primeiro
no decorado diviseime.

Coma un autómeta busqueite,
miña prenda,
na suor das probetas de ensaio,
nas contendas estúpidas dos dardos a fondo
perdido,
na liposucción do as de copas,
na modestia dos raios de sol,
nos graffitis en conserva das portas dos
retretes,
con rabia na amálgama de bares que exhumei,
no tremendo desconcerto dos meus ollos
perforados...
¡se nin podo pegar ollo por culpa dos teus
ollos!

IMPLORANDO A COMPLICIDADE DO LECTOR

¿Será o canto dos meus días?
¿Será ela o meu canto...?

A melodía é un rumor
que se orchestra e tartamudea,
ambigüidade que incrusta a dor
na escravitude que moldea.

¿Será o meu canto..?

¿Desembocarei
nun espectáculo
de espiñas,
de ortigas e pirixel...?

As súas olladas ¿un balazo letal, unha
fortuna aciaga...?

Auxilio pido,
pido socorro.

Nos comentarios
fatígase
o entusiasmo inicial.

Encollo
por medo
a vixilias futuras,
á tiranía das facturas...

¡Piedade, musa, piedade!
Piedade, meu vello amor imposible.

"Por más que la dicha busco", ferido de amor
¿quen poderá....? ¿Como non quererte, meu
tumor, úlcera que tortura, vertixe azul,
coitelo que peteira, semente de amor que
nunca é tido pero que infecta...?

- II -

ÁLBUM DE CULTO:
HEMORRAXIA DE AROMAS

Se as metáforas
se empecinan
sen desmaio
na outra beira
¡como non envexar do anxo
o sabor da túa boca que vixía!

Olladas esculturais, atléticas,
case perfectas, olladas
que falan dunha elección...

Diálogos coloquiais
na ilusión
duns sentimentos correctos
(¿serei eu digno do seu amor?)

*"Ouh doce o peso do teu corpo no meu maxín
deitado!
Neste río do meu navegar sin fin,
qué incendiado navío non navegas na noite?"*

Dona do corpo delgado-Álvaro Cunqueiro

NON POÑAS CANCELAS...

¡Ai amor, luxurioso amor azul,
+azul ca peza+azul de Sargadelos,
+azul ca brillantez+azul
dun iceberg azul da Alaska azul...!

...¡o ceo azul de Niza, Yves Klein!

¡Ai amor...
gozosa
pisca
de orballo,
autoestrada
a inmenso
volcán
de placeres
ilimitados,
tamén precipicio,
tempestades, tempestade,
tormenta de tormentas,
cabalístico cataclismo ...
aventura sedenta de luz!

*"POR EL ARCO DE ELVIRA
VOY A VERTE PASAR,
PARA BEBER TUS OJOS
Y PONERME A LLORAR".
Federico García Lorca.*

NON HAI TEMPO QUE PERDER

Convócote,
amada,
á velada
dos poemas,
á voráxine
dos poetas
en ebulición...

Convócote
a perdernos
no ritmo
frenético
que
respiran
os
orgasmos
dos
versos
que nos arrebatan...

Abrázame forte,
moi moi forte
amor,
abrázame
ata a mesma morte.

CARO ALXIBE PARA A SEDE

¿Se non a tí,
meu amor,
a quen cantar...?

Adoezo
por
polinizar
versos
nas fragas,
nas carballeiras,
nas quince mil almas
de vilalba
que amo
porque
nelas
a ti amo...

...se non a ti
¿a quen cantar...?

¿A quen... luz de amor?

Miña gacela,
miña señora,
comparece
a hora
de perseguir
pola xeografía
da eufonía
a palabra esquiva...

...¿ou talvez a hora
da agulla de gancho
para este poema tirano...?

...¿a hora
de consagrar,
de par en par,
a eucarestía
de violetas
que florecen
no teu colo...?

¡Aleluia, aleluia...!
Preciosas
as túas pupilas
cristal de bohemia.

PRINCESA LAPISLÁZULI

Quero perderme nos vendavais
de seducción dos teus ollos,
fermosos ollos anxelicais,
os máis bonitos dos que eu vin...
¡por eles si que paga a pena sufrir!

Bonitos,
entre todos os máis bonitos
(¿para saciarse nos ritos,
a resposta está no vento, Bob Dylan...?)

...escandalosamente bonitos,
desafiantes...

... impalpable,
excesiva beleza
a da loba
que ulisca
as orquídeas,
chispazo
de víbora na boca,
amapola.

Co anhelos
do neno
que busca
nos ollos
da súa nai,
así busco eu
na túa mirada...

Deita
a pel
no meu peito
para gozar
corpos
sen fronteiras,
ceo sen nubes,
terra labrada
que desauga
pétalos...

UN MICROCLIMA PARTICULAR

Aquí e agora mesmo
vendería a miña alma
por un bocado
da túa maxia
e por un bico teu,
aínda que mercase
a médula de todas as mentiras...

Cabalgamos en fermosos cabalos
para conquistar o horizonte azul,
Cabaleiro (1) Don Diego de Andrade,
devoto romeiro, e fiel servidor.

Deleitados exploramos
trinta fontes vilalbesas(2)
nos trinta versos que amamos,
trinta miradas acesas
nas trinta parroquias...

(1) Neste edén, perfecto o cicerone (Granada,
Conde, a batalla a eclipsar).

(2) Disque a auga das fontes, collida antes
de raiar o sol, é o mellor fermento para o
amor.

Deseguida
e de vagariño,
(insonorizada
a nosa galaxia)
mesturamos
a poesía,
ai amor
ai miña amada,
doces as madrugadas
instaladas nas bufandas,
nas guías de teléfono,
nos ascensores que non apagan
o rubor das nosas almas...

Quero xunguir
as túas meixelas
cos bicos
das cereixas maduras
que burbullan
nos meus beizos.

Quero,
¡ai moza amada,
amarte na preguiza
dos regatos da chaira,
nos relanzos
de auga clara.

... miña cara bronquite.

Lamento a opulencia
que embriaga os sonhos
tentando atravesar
portelos inaccesibles.

Lamento a solvencia
que aterra no barullo
e vendima sentimentos
cando xa non é factible
ser amante e ser amado
por culpa da languidez
deste meu corpo gastado.

¿A quen dar as grazas polo don dos teus
ollos, cando xa non quedan rastros da
primavera...?

ALELUIA, ALELUIA...

¡Como florecen as amapolas
na túa boca en chamas...!

¡Que fermosa
a delicadeza
do teu corpo
de azucena,
fermosa
noiva da lúa...!

Mira que ten gracia
a tarde que agroma
na xanela
das túas pupilas.

Mira que ten gracia
a lúa colgada
das túas meixelas,
debuxando
margaridas.

- III -

**POSTPARTO:
CONSUMIDAS AS HORAS
DO ENCANTO,
O DESACOUGO PASA REVISTA**

Atado de pés e mans,
cupón para o debut
no club claroscuro
do clamor:
sen ti, meu amor,
a nada vencedora da nada.

Atado de pés e mans...

¡Como me doen
estes meus ollos
derretendo tristeza...!

¡Se ti soubeses, amor,
canto amor roto...!

¿Para que escribir este amor
que aboia nas penas,
perenne
a tristeza da folla de outono...?

¡Como me doen
estes meus ollos
derretendo tristeza...!

...aprendín a convivir
coa misión de irte borrando
cada día de min mesmo e...

¡sobran as palabras!

Pastoreando o sabor amargo da derrota(a verdade, a vida ás veces non é nada interesante), cato a impotencia de saír sen ser visto deste círculo infernal preñado de contrabando aínda que moi apetitoso...

Pescando gavelas de pólvora neste abismo
agridoce (algo estase apagando) calcino de
éxodos o meu corazón penitente, un corazón
con pasaporte a doloroso calvario, e
parafraseo a César Vallejo

"Hoy me gusta la vida mucho menos"

...aprendín a convivir
coa misión de irte borrando
cada día de min mesmo e...

NOITE DE BRUXAS EN ERECCIÓN

¿Onde a excelsa,
a salvaxe sacerdotisa
que fora masturbación
franca e viscosa
compartida
para espantar o mísero frío
das prolongadas ausencias?

¿Onde a elegancia
da ducha barata
maquillada de rosa...?

¿Onde o banquete de perfumes,
quente vulva cobiza de rosas...?

Excitado polo misterio
rabuñei coas pestanas
nos buratos do universo
ata encontrarte...

Mantiven duro, cruento
combate coa maleza
e con moitas tonterías...

Cavei nas sombras
cos meus dentes
ata encontrarte e...

...¡vaia lapote, meu ben!

...falamos idiomas distintos...

Non obstante
¡tes un non sei que...!

Radiografía a hipóteses varias:

¿arrancar os meus ollos
para emancipalos dos teus...?

¿furgar e furgar nas úlceras...?

¿apacentar a deserción...?

¿engordar as incógnitas...?

¿cociñar turbulencias...?

¿restaurar varrer esmagar...?

¿cal será o prezo...?

¿un estilete...?

*O mal de amores non ten cura,
comentan, atizando a fogueira.*

Sinto unha acusación
de garfos no peito
que rebenta as palabras,
que metralla as promesas.

Sinto un alfinete
espetado no corazón
e calceto
anemias
que oprimen.

Abandonado
da sorte,
sobrevivo
voando
sobre
un
arquipélago
de
peripecias
que
conspiran
e
morden.

No toldo da beatitude,
perdidos os estribos,
ensalada de couces
e caldo sen unto.

No streap-tease
melancolías
amotinadas
exaculan
néctar
nun berce de estrelas.

¿Como fuxir da tristeza
cando é unha enredadeira
que aniña no peito...?

As ilusións tamborilean
no fío dos alaridos
e as dúbidas acordeón
subornan os disimulos
que se infiltran nos bandazos...

¿Como fuxir da tristeza
cando é unha enredadeira
que aniña no peito...?

¡Canto amor se desangra inutilmente
no ocaso das palabras que se ocultan!

- IV -

**BEBEDIZO OU REMEDIO
SEDANTE PARA A CLAUDICACIÓN**

A obra mestra
que se esfarela...

... un dicir:
ti que non á bohême de puccini
- con ou sen pavarotti-
eu que non ó pop canción de verán,
ti que non a norah jones e u2,
eu que non a...

Un bo día érgueste,
mírase ó espello e...
¡misericordia-misericordia!

Un zombi somnábulo,
un fósil vulgar e ó garete
que se equivocou de novela.

ANTES DE DICIR ADEUS

Para ir concluíndo,
un toque de escándalo:
declaro solemne
e publicamente
- sen complexos-
que cando intúo
a túa mirada
na paisaxe que se achega,
a miña respiración
vaise acelerando,
arritmicamente,
coma cando tiña quince anos...
¡está visto que non teño amaño!

Militante activo
nun romanticismo transnoitado,
afiliado a causas inviables,
o corazón descalzo, cerebro flotando...

¿Medidas terapéuticas...?

Xa sei que son algo miope...

Aproveitando que poño fin
a esta axenda descarreirada
(descarreirada,
si,
pero ausente
de fariseismos),

aproveitando,
digo,
que-pretendo-escapar
da biografía
dun nómade irredento
(nómade pero xa con reuma)
e,
puntualmente,
fuxir
dese accidente imprevisto
que foi a túa apoteósica,
a túa espectacular mirada
(ningún reproche pola sobredose),
aínda que soe a dengue
ou a declamación acaramelada,
co corazón na man,
que sexas feliz,
moi, moi feliz,
a máis feliz
neste mundo
de corazóns
inacabados
dos que nos fala
Don Eugenio de Andrade...

Para sempre
benaventurada ti,
filla
e
nai
deste
febril
insomnio

que día a día,
noite a noite,
flaxela e me flaxela...
(¡ai,deus, como pesa o adeus...
como asfixia a despedida!)

Desherdado,
o corazón
con
venda
e
amordazado,
regreso
ó armisticio
do braseiro
e amanso
os días de vinagre
trala
deserción dos sonhos de rosas.

¡Destroza o meu abecedario
tanta desolación...!

Como se impón respirar,
amaso nas palabras
e asino un manifesto
para que as portas se abran.

TÓMBOLA / LOTERÍA

Entrenándome
para sobrevivir
aos días que se aveciñan
sen ti,
empuño a paixón na botella,
cabalo de ron ou pistola,
alzo a copa
e brindo polo azar
neste final poema.

Se cadra,
talvez algún día,
sen escatimar esforzos
e
sen métodos anticonceptivos,
nas gretas das páxinas web
encóntranse as nosas almas
e ámanse sen censuras...

Mentres,
convalecente
nas cóxegas
deste etílico exilio
e de garbeo
polas follas do almanaque,
sen
dispositivos
de seguridade
pero

controlando
a
temperatura
e
a
humidade,
aseo
os recordos
que me van facendo vello
e
decreto paso a nivel
sen barreiras
para o estupendo resplendor
dos teus ollos,
amable bebida afrodisíaca,
narcótico espumoso, febril...

Grazas por estar aí.

*"Te hubiera dado el mundo
(...)
Si el amor fuera un ala"*
Luís Cernuda

"Donde todo termina abre las alas"
Blanca Varela

- V -

POSDATA:

A resignación en papel de
regalo
para explicar o inexplicable.

PUNTO E FINAL.

Conste no libro de actas:

*"Ningunha árbore deu nunca
unha sombra tan agradable"*

Da ópera Xerxes.- HAENDEL